


Lorenzo Varela



Proposta de traballo

Na vosa escola queredes sacar o xornal escolar, e como ben sendo habitual queredes facer unha reportaxe sobre o autor ao que se lle vai adicar o día das letras galegas este ano: Lorenzo Varela. Ninguén da clase sabe nada sobre el e a mestra só sabe que foi un poeta exiliado despois da guerra civil.

Como o xornal ten que saír xa, entre todos os da clase decidides dividirvos en 3 grupos para repartirvos o traballo: biógrafos, historiadores e críticos literarios, para facer a reportaxe. Para posteriormente xuntarvos, como fan @s xornalistas ao redor dunha mesa de redacción e facer o artigo para o xornal escolar.

Tarefa

Debedes elaborar **unha reportaxe** na que recollades a vida, a obra e o contexto histórico no que viviu Lorenzo Varela. Por problemas de espazo no xornal, só tedes 2 páxinas de word para escribir o artigo incluíndo imaxes.

Tedes que entregar o voso traballo nun ficheiro de word o mellor presentado posible.



Procesos

Logo de facer os 3 grupos, buscaredes información pola rede e/ou en libros, vídeos, exposicións, etc.

Un grupo estudiará **a súa vida**: onde naceu, onde medrou, como era a súa familia, en que lugares viveu, a que se adicaba ademais da literatura, feitos máis relevantes da súa vida, etc.

O segundo grupo analizará **o contexto histórico** no que viveu: en que época viviu, cales son os feitos máis importantes desta época, que pasaba en Galiza neste tempo, que pasaba no resto do mundo, cales foron os feitos máis relevantes deste período histórico, etc.

O terceiro grupo centrarase no **estilo literario**: cales son as características xerais do movemento literario da época en Galiza, autores máis destacados deste momento e a relación con Lourenzo Varela, períodos na vida artística do autor, temáticas na súa produción artística, análise dalgunha das obras máis representativas, etc

Á vez que ides lendo a información deberedes ir gardando imaxes que despois vos poderán servir de axuda para montar as páxinas da reportaxe.

Unha vez teñades localizada a información os tres grupos deberedes xuntarvos para escribir o artigo en base ao material que fúchedes recopilando. Pensade que non chega con copiar e pegar, senón que ten que ter un único estilo de redacción.

Unha vez redactado o texto final debedes engadirlle as imaxes que o ilustren.

Deberedes poñerlle un título que exprese con claridade de que vai a vosa reportaxe e unha entradiña (espécie de resumo en 3 liñas do que é a reportaxe).

Finalmente deberedes montar todo o artigo en word para entregarllo á profesora.



Biblioteca de recursos

[Biblioteca Virtual Galega](#)

[Cultura Galega](#)

[Diadasletras.com](#)

[Noticia en Galicia Hoxe](#)

[Noticia en Vieiros](#)

[Sargadelos](#)

[Seminario de Galán](#)

[Especial da Biblioteca Virtual Galega](#)

[IES A Xunqueira](#)




De seguro que na biblioteca do teu centro atoparás varios libros e algún vídeo sobre Lorenzo Varela que che poidan axudar.



Avaliación


	1 punto	2 puntos	3 puntos	Puntos
Axústase a reportaxe ao que se pedía?	Só indica vaguedades. Copiou o texto das fontes sen elaboralo previamente.	O contido achégase ao solicitado pero non é suficiente. Non se adapta ao espacio requerido. Non ten ningún dos elementos (título, entradilla ou corpo da noticia).	O traballo corresponde co que solicita. Ten título, entradilla e corpo da noticia.	
Vese claramente os elementos da vida, do contexto histórico e estilo literario do autor?	Faltan 2 aspectos de contidos.	Non hai referencia a un aspecto	Están presentes os 3 aspectos	
Como é a redacción do texto?	Non ten un estilo de redacción claro.	Vese unha intención de ter un estilo claro, máis non chega.	Ten un estilo uniforme e axustado á reportaxe.	
Ten imaxes significativas?	Non ten imaxes ou as que ten non enriquecen a reportaxe.	Ten poucas ou demasiadas imaxes para o traballo presentado.	Adecuadas imaxes en canto a significatividade e cantidade.	
Ten erros de ortografía e descoidos ao teclear?	Excesivos erros.	Reportaxe cun número intermedio de erros.	Non ten moitos erros.	
Está ben presentado no documento word?	A presentación está moi descoidada.	Manten elementos básicos: a mesma fonte tipográfica, uso de negrillas, etc	Adamais do mantemento do estilo visual, está maquetado con táboas, os titulares están traballados como imaxes, etc	
Total				



Envío de traballos

Ao rematar de facer esta webquest ademáis de saber moitas cousas sobre a vida e obra de Lorenzo Varela tamén terás experimentado como se traballa en equipo na redacción dun xornal.

Se queres, logo de facer este traballo, podésnolo enviar a luisteira@edugaliza.org . Nós colgarémolo neste mesmo lugar para que o vexan o voso traballo noutros colexios.



Para o profesorado

Estamos ante unha proposta educativa que fomenta o traballo en equipo e que pretende traballar a busca de información e a redacción dun texto usando para isto as ferramentas informáticas. Todo eso centrado nun tema de interese para a nosa lingua como é o día das Letras Galegas.

O alumnado ao que está dirixida é o do primeiro ciclo da ESO. Cremos que para o seu adecuado desenvolvemento precisaríanse 2 ou 3 sesións, ademáis dunha a maiores para unha presentación colectiva para quitar conclusións.

Luís Teira, luisteira@edugaliza.org

Ester Vázquez, ester@edugaliza.org

Índice

2005	1
Tarefa e procesos	2
Biblioteca	3
Avaliación	4
Envío de traballos	5

